

RECENSIONES

El reto de la escuela rural. Hacer visible lo invisible

Abós, Pilar, Boix, Roser, et alii (2021)

Barcelona: Graó


Por **Francisco Xosé Candia Durán**

Universidade de Santiago de Compostela

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 92-93



Véñese notando ultimamente, tanto no mundo docente como na actividade formativa e investigadora das universidades, un maior interese pola educación en zonas rurais. O activismo en defensa do medio rural que desenvolven algunhas entidades (por exemplo a Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural), que intentan poñer de manifesto as vantaxes da escola rural, contribúe a isto. Ademais, certos colectivos urbanos de maneira desprexuízada están volviendo a súa mirada ao medio rural, do que valoran o contacto real coa terra, a autenticidade nas relacións humanas, a menor polución e unha superior protección fronte a pandemias, grazas á baixa densidade de poboación.

En abril de 2011 o Ministerio de Educación organizou en Xixón o “Primer Congreso Estatal *La educación en el medio rural*”, evento que veu marcar un fito no interese que a comunidade educativa manifestaba ante a cuestión. Desde entón é obxecto de estudos e teses de doutoramento, foi tema monográfico das principais revistas educativas, centra a actividade de colectivos interesados no seu mantemento e mellora..., pero faltaba un libro referente que recollese o máis relevante do estado da cuestión e que estivese en sintonía coa realidade da escola rural da actualidade. Con certeza este é un dos desafíos que vén satisfacer esta obra.

As súas autoras e autores son unha garantía, pois xa tiñan asinado anteriormente libros e artigos considerados básicos nesta temática no Estado Español, e ademais veñen liderando desde hai tempo en Aragón e Cataluña diversos estudos de investigación, publicacións e proxectos de formación neste eido.

A obra, de 162 páxinas, estrutúrase nunha introdución e seis capítulos, cada un deles rematado cunha oportuna selección bibliográfica e un exemplo real dunha escola rural ou experiencia pedagóxica relacionada co asunto do capítulo. Os contidos do libro poñen o acento na ligazón entre a escola e os territorios rurais, na importancia da figura da/do mestre rural (identidade, formación, competencias, innovación...), no ensino multigráo (resultados, didáctica, autonomía de aprendizaxe...), na organización, lexislación e liderado na escola rural, no valor pedagóxico do territorio e da cultura rural, no horizonte e retos que se lle abren á escola rural (calidade educativa, innovación, contextualización do currículo, proxectos comunitarios, diversidade e inmigración), e finalmente pon-

ponse un novo modelo de escola rural.

Considerando que a obra se dirixe a profesionais da educación rural do conxunto do Estado Español, bótase en falta unha atención máis explícita á escola rural de territorios coma o noso, posuidores dunha remarcada identidade lingüística que forma parte do cerne das comunidades rurais e que tamén debería facelo da actividade cotiá dos seus centros escolares. Esta eiva tamén a detectamos na bibliografía do libro, dada a ausencia do publicado ao respecto en Galiza.

En todo caso, é esta unha obra necesaria chamada a converterse en referente, que aposta por unha escola rural do século XXI visibilizada e recoñecida, humana e viva, equitativa, inclusiva, de calidade, coas dotacións e materiais adecua-

Este libro pretende mostrar el importante papel que desempeña la escuela en el acceso a la educación en los territorios rurales que, como espacios sociales y espacios vividos, influyen necesariamente en la práctica pedagógica y en la estructura organizativa de los centros, aunque durante muchos años haya sido una institución silenciada tanto desde las políticas educativas como desde las instituciones universitarias dedicadas a la formación inicial de los docentes.

La escuela rural del siglo XXI debe ser verdaderamente visible en el sistema educativo y lo debe ser bajo un modelo más equitativo, inclusivo y de calidad educativa. Para esta proyección social y educativa, la labor del maestro es esencial así como su profesionalidad en el marco de una práctica pedagógica caracterizada por la multigradación. Una práctica que se encuentra arropada por organizaciones escolares rurales de distintas características pero que requieren de un liderazgo pedagógico que impulse una cultura democrática real.

El lector encontrará en este libro una fundamentación académica de la escuela rural, con ejemplificaciones reales que avalan esta fundamentación. Está dirigido a profesionales de la educación, maestros, estudiosos e investigadores de la educación que estén interesados en la escuela rural desde una perspectiva formal y consecuente con la realidad pedagógica y social de esta institución.

El reto de la escuela rural reclama hacer visible la escuela rural y situarla en el escenario real que le corresponde por el gran papel que desempeña en el acceso a la educación en los territorios rurales.

dos, á que non lle é allea a esfera dixital, pero que se atopa firmemente arraigada no territorio e na comunidade e que non despreza o gran papel que segue a desempeñar na dinamización sociocultural e no acceso ao ensino das crianzas nas zonas rurais. ■

PUBLICIDADE

XERAIS
xerais@xerais.gal • www.xerais.gal

PREMIOS XERAIS 2020



Coidadora
María Marco
PREMIO XERAIS
DE NOVELA



santoamaro
Antonio M. Fraga
PREMIO JULES VERNE
DE LITERATURA XUVENIL



A folla azul
Andrea Maceiras
PREMIO MERLÍN DE
LITERATURA INFANTIL